

Dilixencia: Este Prego aprobouse por
acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN O CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO, MODALIDADE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA:

PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓNS ANEXAS DO CONCELLO DE RIANXO.

CLÁUSULA 1. Obxecto, xustificación e delimitación xurídica do Contrato

1.1. O presente contrato ten por obxecto establecer as cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación da **xestión do servizo público: PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓNS ANEXAS DO CONCELLO DE RIANXO.**

Este obxecto obriga ao adxudicatario a prestar os servizos de salvamento acuático, socorrismo e primeiros auxilios, ensinanza da natación e actividades deportivas, recepción e control de acceso, limpeza xeral das instalacións, praia, vaso e accesos interiores e en xeral do edificio e instalacións e compoñentes deste así como o control e mantemento correctivo. O seu detalle e execución será nos termos indicados nos pregos de prescricións técnicas deste proceso.

No obxecto do contrato inclúense as actividades propias da zona de SPA e de relaxación, a sala de fitnes e demais actividades físico-deportivas dirixidas.

Este concello ten asumida a prestación do servizo de que tratan estes pregos como propia da súa competencia segundo consta nos antecedentes relativos ao primeiro establecemento do servizo e que resulta asemade da aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola súa prestación en sesión plenaria do 23/10/2008. Ademais reúnen os requisitos para a xestión indirecta do servizo público: ser susceptible de explotación por particulares e non implicar exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos, de conformidade co artigo 275 do RD. 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público (en diante TRLCSP)

Concretamente, a explotación do servizo realizarase mediante a modalidade de **concesión** pola que o empresario **xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura**, prevista no artigo 277.a do TRLCSP. O contratista estará obrigado a organizar e prestar o servizo con suxeición ao estipulado neste prego e demais documentos que se indican deseguido, dentro dos prazos sinalados.

Ademais deste Prego terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas (PPT)
- Estudio Económico da Explotación
- O documento en que se formalice o contrato xunto coa oferta do licitador.
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos para uso e disfrute da piscina municipal e instalacións anexas.
- O regulamento do servizo.

No caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

1.2.- Xustificación da necesidade: Mediante a execución do contrato a que se refire este prego satisfáese a necesidade de prestación do servizo municipal de Piscina climatizada e instalacións anexas que require o Concello de Rianxo e que non pode ser atendido mediante os medios persoais existentes, tal e como se explicita na providencia emitida pola Alcaldía o día 31/10/2013.

1.3.-Cualificación xurídica. O contrato cualifícase como CONTRATO ADMINISTRATIVO de SERVICIOS PUBLICOS, ao abeiro dos artigos 5 e 8 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante TRLCSP)

1.4.- Para os efectos deste prego e do artigo 13 do TRLCSP os contratos de servizos públicos **non están suxeitos a regulación harmonizada**, seguindo nelo a pauta marcada pola Directiva 2004/18/CE.



Diligencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

CLÁUSULA 2. Réxime Xurídico do Contrato e xurisdicción competente

2.1. Este contrato ten carácter administrativo e como tal regularase, ademais de polo presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e polo Prego de Prescricións Técnicas (PPT), polo establecido na lexislación de contratos das Administracións Públicas (Real Decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, coas normas complementarias) e se é o caso na normativa da Comunidade Autónoma de Galicia(art. 317 a 328 Lei 5/97, de Administración Local de Galicia), nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución Española; así como nas demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento Xeral de contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 outubro, ou o RD. 817/2009, modificado polo RD.300/2011. Subsidiariamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Sen embargo hai que ter en conta o artigo 276 da TRLCSP que sinala que os efectos, cumprimento e extinción do contrato de xestión de servizos públicos regularanse polo TRLCSP, excluídos os artigos 212, apartados 2 a 7 (penalidades por demora), 213 (resolución por demora e prórroga), 220 (suspensión dos contratos) e 222 (cumprimento do contrato e recepción da prestación) así como polas disposicións especiais do respectivo servizo, en canto non se opoñan ao TR LCSP.

Cómpre indicar que ao día da redacción destes pregos aténdese ao TRLCSP coa última modificación operada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización.

2.2. En especial, e ao marxe da lexislación contractual administrativa, é de aplicación a seguinte normativa: Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local; así como o Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL).

2.3. As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato resolveraos o órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, sendo inmediatamente executivos e contra eles terá lugar o recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora de dita xurisdicción; despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados consideren procedente.(artigo 21 TRLCSP)

CLÁUSULA 3. Tipo da licitación. Canon a satisfacer pola Administración. Financiamento. Equilibrio Económico da Concesión

Segundo o Estudio Económico de Explotación non é preciso realizar ningún investimento inicial para pór en funcionamento o servizo público. Non obstante, no Prego de Prescricións Técnicas establecece un catálogo de melloras na instalación que os licitadores poderán incluír na súa oferta mais os ditos investimentos, entendidos como melloras ao plan de servizos, non se cuantifican na conta de explotación e serán valorados conforme aos criterios de adjudicación descritos neste prego.

O Estudio Económico de Explotación fai as seguintes **previsións de ingresos e gastos** por parte do concesionario:

Previsión de Gastos	346.339,90 €
Previsión de Ingresos	275.943,28 €
Diferenza	70.396,62€

O **Beneficio Industrial do contratista** calcúlase nun 6% como máximo sobre os ingresos anuais previstos.

Tendo en conta os parámetros anteriormente establecidos de:

Investimentos ou Gastos de 1º establecemento	0,00 €
Custos anuais estimados da explotación	346.339,90 €
Ingresos anuais estimados da explotación	275.943,28 €
Beneficio Industrial (6% dos ingresos previstos)	16.556,60€

O **CANON** que pagará o Concello ao concesionario **para mantemento do equilibrio económico inicial da concesión que é o que segue:**



Dilixencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

CANON: 346.339,90€+ (6% de 275.943,28€) – 275.943,28 =86.953,22 € *

Co pago deste Canon queda garantido o equilibrio económico inicial da concesión:

Custos anuais	346.339,90 €		Ingresos anuais	275.943,28€
Beneficio Industrial	16.556,60 €		Canon	86.953,22€
TOTAL	362.896,50€		TOTAL	362.896,50 €

O canon aboarase con cargo á partida **340.9c.20900** do Orzamento Municipal de cada ano de duración da concesión administrativa.

No suposto de que a Administración contratante se faga cargo de determinados subministros ou contratos auxiliares relativos a esta concesión, o seu importe será deducido do canon a percibir polo contratista.

Trátase dun **gasto plurianual** polo que os seus efectos económicos esténdense a exercicios posteriores, no que se autoriza e compromete o gasto, sendo de aplicación o réxime previsto nos artigos 174 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Para atender as obrigas económicas que se derivan deste contrato, que non entrará en vigor antes do 01.02.2014 (data de finalización da vixente concesión) dotarase crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal para o exercicio 2014; circunstancia que será acreditada, antes da adxudicación do contrato, mediante a incorporación ao expediente do certificado de existencia de crédito a emitir pola Intervención; e rexendo a cláusula suspensiva de crédito para o prezo imputable aos sucesivos exercicios económicos.

O canon será aboado a **mensualidade vencida**, por **meses completos**. O mes entenderase **natural, exceptuando o primeiro** a contar dende a sinatura do contrato que se rateará dende a dita data ata o fin da mensualidade que sexa; igual operación se efectuará para o **último mes** da concesión.

* vid. Artigo 78 Lei 37/1992, do 28 de decembro, segundo o que inclúense no concepto de contraprestación as subvencións vinculadas directamente ao prezo das operacións suxeitas ao imposto e non se engadirán as cantidades percibidas por razón de indemnizacións, que pola súa natureza non constitúan contraprestación ou compensación das entregas de bens ou prestacións de servizos suxeitas ao imposto.

CLÁUSULA 4. Revisión de Prezos

O contrato que se formalice entenderase convido a risco e ventura do adxudicatario, sen que este poida solicitar alteración de prezos ou indemnización; salvo nos casos legalmente previstos.

Agora ben, de conformidade co artigo 89 do TRLCSP, transcorrido un ano dende a formalización do contrato e sen necesidade de estar executado o 20% do seu importe, por estarmos ante un contrato de xestión dun servizo público, poderá o contratista solicitar, e o Concello acordar a revisión do seu prezo.

Esta revisión efectuarase por referencia ao IPC experimentado durante o período anual anterior, segundo os datos que publique o Instituto Nacional de Estatística ou organismo oficial que o substitúa, referido a data de adxudicación do contrato, de data a data e subsidiariamente de mes a mes. De conformidade co artigo 90.3 TRLCSP a revisión será do 85 por cento de variación experimentada polo dito índice, procedéndose deste xeito ao incremento do prezo do contrato. Así mesmo e co mesmo límite do 85% do indicado IPC poderá revisarse á baixa o prezo cando o IPC sexa negativo.

CLÁUSULA 5. Duración da Concesión e posibilidade de prórroga

5.1. A duración inicial do contrato de xestión do servizo público de "Piscina climatizada e instalacións anexas" será de 7 ANOS (84 MESES) contado dende o día seguinte á entrega das instalacións por parte do concello ao adxudicatario trala sinatura do contrato, non sendo antes do remate da concesión actual – que é o 01/02/2014- e sen prexuízo do prazo de desaloxo dun mes que ten o concesionario actual

5.2. O contrato é prorrogable por unha vez por 3 (TRES) anos – facendo así un total de 10 anos- previo acordo expreso entre o órgano de contratación co contratista e sempre que as características do contrato permanezan inalterables durante o período de duración destas, non sendo admisible o consentimento tácito das partes.

Todo ilo de conformidade co máximo que determina o artigo 278.b) do TRLCSP para estes contratos.



Diligencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

CLÁUSULA 6. Capacidade para contratar

6.1. Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica-financieira e técnica ou profesional como se determina na cláusula 10.1.

6.2. As empresas deberán ser persoas xurídicas cunha finalidade ou actividade que teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais ou escritura de constitución.

No caso das persoas físicas deberán contar coa acreditación profesional segundo a que estea habilitado para executar o obxecto da licitación ou contar con persoal habilitado para ilo con quen manteña relación de asalariados do ramo técnico, ou documentación bastante nese sentido, sen prexuízo de que o concello poida solicitar as aclaracións que precise.

Isto ademais da inscrición nos rexistros oficiais cando este requisito fora esixible segundo a normativa reguladora.

6.3. Poderá contratarse con unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, de acordo co establecido no artigo 59 do TRLCSP e clausula 7 deste prego.

6.4. Os que acudan á licitación poderán facelo por si ou representados por persoa autorizada mediante poder bastante, sempre que non se atope incurso nalgunha das causas que se enumeran no artigo 60 TRLCSP. Cando en representación dalgunha sociedade, civil ou mercantil, concorra algún membro dela deberá xustificar documentalmente que está facultado para tal fin.

CLÁUSULA 7. Unión Temporal de Empresas (UTE)

7.1. A administración poderá contratar con UTEs que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

7.2. Cada unha das empresas que compoñen a UTE, deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Asemade, deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na Cláusula 10 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente Prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes.

7.3. No suposto de resultar adxudicataria, a UTE deberá formalizar a unión en escritura pública, así como presentar o CIF da mesma, dentro do prazo dos quince días hábiles seguintes ao da data en que se reciba a notificación da adxudicación. A duración da UTE será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en UTE quedarán obrigados solidariamente diante da administración.

7.4. Os empresarios que estean interesados en formar UTE poderán darse de alta no Rexistro Oficial de Licitadores e empresas cualificadas do Estado.

CLÁUSULA 8. Procedemento de Adxudicación. Tipo de tramitación.

8.1. O contrato adxudicarase polo **PROCEDEMENTO ABERTO***.

En consecuencia unha vez aprobado o procedemento, pregos, gastos e demais aspectos deberá ser obxecto de publicación no Perfil do contratante e no BOP e DOG (artigo 142 TRLCSP e art.326 Lei de Administración Local de Galicia) para o seu coñecemento e presentación de ofertas polos licitadores interesados no prazo outorgado. Non procede publicación no BOE ao tratarse dun contrato non suxeito a regulación harmonizada (artigo 142 TRLCSP)

A dirección do perfil do contratante é: [http:// www.concelloderianxo.es/perfildocontratante](http://www.concelloderianxo.es/perfildocontratante)



Dilixencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

* ao sÍ ser posible promover a concorrencia de oferta, non tratarse dun primeiro establecemento inferior a 500.000€ e duraci3n inferior a 5 anos e non ser de asistencia sanitaria, casos nos que poderÍa acudirse ao procedemento negociado segundo o art.172 TRLCSP (de non superar os 60.000€ o valor estimado incluso poderÍa acudirse ao negociado sen publicidade)

8.2. A tramitaci3n serÁ ordinaria a non ser que o 3rgano de contrataci3n acordase seguir trÁmite de urxencia para o que atenderase ao regulado nos artigos 112 e 144 do TRLCSP.

8.3. A adxudicaci3n realizarase a favor de aquel licitador que presente a oferta mais vantaxosa economicamente conforme disp3n a normativa reguladora, unha vez se avalÍen as ofertas presentadas polos licitadores admitidos. Para a valoraci3n das proposici3ns e a determinaci3n da oferta economicamente mais vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150 da LCSP e coa clÁusula **13 deste Prego.**

CLÁUSULA 9. Proposici3ns: Forma e prazo de presentaci3n

9.1.- Lugar e prazo.

As proposici3ns para tomar parte na licitaci3n presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Rianxo (Praza Castelao, 1. 15920, Rianxo – A Coruña), en horario de 9:00 horas a 14:00 horas, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurÍdico das Administraci3ns PÚblicas e procedemento administrativo comÚn.

O prazo para presentalas serÁ de **15 dias naturais** (artigo 159 TRLCSP en correlaci3n coa D.A. 12ª) dende o dÍa seguinte á Última das publicaci3ns da apertura de licitaci3n.

A documentaci3n a conter e a súa distribuci3n en sobres determinase na clÁusula 10 deste prego.

11.2.- Presentaci3n de proposici3ns por correo. Cando as proposici3ns se envÍen por correo postal ao Concello de Rianxo cumpriran os requisitos sinalados no artigo 80.4 do RXLCAP, debendo xustificarse a data de imposici3n do envÍo na Oficina de Correos, encargÁndose o licitador de anunciar ao 3rgano de contrataci3n a remisi3n da oferta mediante t3lex, fax ou telegrama no mesmo dÍa.

Sen a concorrencia de ambos requisitos non serÁ admitida a proposici3n se 3 recibida polo 3rgano de contrataci3n con posterioridade á data de terminaci3n do prazo para a súa presentaci3n. En todo caso, transcorridos dez dÍas seguintes a esa data sen que se recibise a documentaci3n avisada via fax, esta non serÁ admitida.

9.3.- Exame dos pregos. Previa á presentaci3n da proposici3n poderanse examinar os PCAP e o PPT nas dependencias da Secretaria do concello en horas de oficina, podendo obter cantas aclaraci3ns fosen precisas asÍ como copia destes previa petici3n por escrito (de non estar publicados no perfil do contratante)

9.4 Orixinais e copias. Os documentos que se acompañen ás proposici3ns haberán de ser orixinais. No entanto, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario da corporaci3n, funcionario habilitado ou notario pÚblico, nas que se faga constar que se cotexaron cos seus orixinais.

CLÁUSULA 10. Proposici3ns: documentaci3n.

10.0- CUESTIONS XERAIS.

A) As proposici3n presentaranse redactadas en galego ou castelán e dentro de **sobres pechados** (que poderán ser lacrados e precintados) asinados polo licitador ou persoa que o represente (o incumprimento desta condici3n NON 3 EMENDABLE e suporÁ a inadmisi3n da proposici3n), e coa documentaci3n esixida na ClÁusula 10 deste PCAP. Os sobres pechados irán á súa vez incluídos noutro sobre ou paquete.

B) A presentaci3n da proposici3n presume a aceptaci3n incondicional por parte do licitador, do contido do prego de clÁusulas administrativas particulares e do prego de prescripci3ns t3cnicas sen reparo algÚn e sup3n a declaraci3n responsable de que reÚne todas e cada unha das condici3ns esixidas na licitaci3n.



Diligencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

C) As proposicións respectarán o modelo que estableza este PCAP e terán carácter segredo ata o momento da licitación.

D) Cada licitador non poderá presentar máis dunha soa proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en UTE con outras empresas se o fixo individualmente, nin figurar en máis dunha UTE. A contravención deste principio dará lugar á desestimación de tódalas proposicións presentadas nas que participe.

E) A **proposición deberá estar asinada polo empresario ou persoa facultada para elo**. A falla de sinatura será un defecto **non emendable** e producirá, como consecuencia, o rexeitamento desa oferta. Una vez entregada unha proposición, non poderá ser retirada baixo ningún pretexto.

10.1.- SOBRE A: SUBTITULADO “Documentación administrativa: concesión piscina climatizada e instalacións anexas”.

Conterá a seguinte documentación:

10.1. A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa. Asemade, deberá acreditar a súa **capacidade de obrar** para a execución do obxecto a executar (acreditación profesional, relación de asalariados... vid cláusula 6 destes pregos)

A-2) Persoas xurídicas: Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), e escritura de constitución ou modificación de estatutos, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non ser esixible: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente Rexistro Oficial.

A-3) Empresas comunitarias.

Terán capacidade de obrar as empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea que con arranxo á lexislación do Estado no que estén establecidas se atopen habilitadas para realizar a prestación de que se trate (artigo 58.1 TRLCSP)

Acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado orixinario ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias. (artigo 55 TRLCSP)

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que correspondese ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP)



Dilixencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

10.1 B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Por non tratarse dun contrato de obras non procede esixir que a empresa teña aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil (a sensu contrario do estipulado no art. 55.2 do TRLCSP).

10.1. C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse o poder notarial habilitante para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

10.1 D) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado c) anterior, deberaos bastanteo previamente a secretaria da Corporación (previo pago polo licitador das taxas que correspondan), para o cal deberá por a súa disposición ditos poderes cando menos 2 días antes do fin do prazo de presentación de proposicións, non podendo garantirse o bastanteo de presentarse despois.

Admitirase o bastanteo efectuado por notario ou funcionario con atribucións asimilables, sempre que se expida relativo concretamente a esta licitación, no período de presentación das proposicións, e tendo en conta as limitacións previstas nos estatutos da entidade ou dos poderes outorgados, coa conseguinte responsabilidade.

10.1.E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades (73 do TRLCSP):

Declaración responsable de que o licitador non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 60 e 146 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

<p>Don / D^a _____, con DNI _____, e domicilio en _____, en nome propio / en representación da empresa _____ con CIF _____, DECLARA:</p> <ul style="list-style-type: none">• Que nin o empresario, a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa Administración das establecidas no artigo 60 e 146 do TRLCSP.• Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. <p>Lugar, data e sinatura do licitador.</p>
--

10.1. F.1) Acreditación da solvencia económica, financeira e solvencia técnica:

No sendo esixible a clasificación para esta concesión, os licitadores deberán acreditar a solvencia de entre os medios aos que se refire o art. 75 do TRLCSP e artigo 78 TRLCSP, unicamente polos que se indican deseguido:

➤ SOLVENCIA ECONÓMICA-FINANCIERA:

Esta solvencia poderá acreditarse indiferentemente por algún dos seguintes medios:

- ✓ declaración apropiada de institucións financeiras no que se faga constar claramente que dito contratista para este servizo que se licita dispón da solvencia económica e financeira suficiente.
- ✓ Seguro de indemnización de riscos profesionais cun importe mínimo de cobertura de 400.000,00 €.

➤ SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL.

Establécese un mínimo de solvencia técnica ou profesional: empresarios cunha experiencia mínima acreditada de 4 ANOS na xestión de piscinas cubertas climatizadas de acceso público sexan de titularidade pública ou privada.



Diligencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

Acreditarase mediante unha Relación asinada polo apoderado dos servizos executados no curso dos últimos tres anos, indicando importe, datas e destinatario, xunto con cando menos 3 certificados de boa execución expedidos polos entes contratantes, en servizos do mesmo tipo dos licitados.

A falla de acreditación da solvencia económica, financeira e técnica no momento da presentación das proposicións, cando se trate de ausencia de documentos será NON EMENDABLE. Isto con independencia que se podan solicitar aclaracións ou especificar o contido dalgún documento xa aportado, ou falte parte da documentación que apareza referenciada noutro documento que é dos esixidos para acreditar a dita solvencia.

10.1. F.2) Subcontratación.

A subcontratación no contrato de xestión de servizo público unicamente poderá recaer en prestacións accesorias, tal e como estipula o artigo 289 TRLCSP.-

Debe indicarse cal é a porcentaxe do servizo que se teña previsto subcontratar, sinalando o seu importe, o nome e o perfil empresarial dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización.

Para proceder á subcontratación debe respectarse o sinalado no artigo 227 do TRLCSP.

10.1. G) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula 7 deste prego.

10.1.H) Declaración de empresas vinculadas.

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

10.1. I) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que nel figuren inscritos e poda verificar este concello, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de comprobar a súa exactitude ou vixencia .

No entanto, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no mencionado Rexistro e, en consecuencia, (*Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm. 64 con data do 20 de marzo de 1998*) quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos no dito informe e que se correspondan cos esixidos nos apartados: A, B, C, D, E e F.1 sempre que os citados documentos estean vixentes e sexan suficientes para amosar a capacidade e solvencia.

En todo caso, os licitadores deberan acompañar declaración responsable de que as circunstancias que constan en ditos Rexistros non han sufrido variacións, tal e como dispón o artigo 146 do TRLCSP.

10. 1. J) Obrigas tributarias e coa seguridade social.

Axuntárase a certificación ou documento acreditativo de que o contratista está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

Porén, os licitadores poderán achegar unha declaración responsable na que fagan constar que a empresa está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social, sen prexuízo de que antes da adxudicación o empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta, deberá presentar a xustificación acreditativa deste requisito (artigo 146 do TRLCSP).

10.1.k) Pagamento do imposto de actividades económicas:



Diligencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

O licitador aportará unha certificación ou recibo acreditativo do pagamento do imposto de actividades económicas correspondente á actividade concreta sobre a que se oferta ou, no seu defecto, declaración responsable asinada polo licitador na que se faga constar que a empresa non está obrigada ao pagamento do citado imposto.

10.1.L) Correo electrónico, de se-lo caso, para notificacións.

De contar o licitador con correo electrónico avanzaránselle as notificacións que proceden mediante esa vía, con independencia da súa remisión por correo ou recollida en persoa, esta última a petición daquel, en tanto non se dispoña por este Concello de tramitación telemática en regra.

10.1 M) Índice de documentos que integran o sobre.

Figurarán dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente (artigo 80.1. RXLCAP)

10.2. SOBRE B: SUBTITULADO “ CRITERIOS TECNICOS: concesión piscina climatizada e instalacións anexas”

Conterá a seguintes referencias técnicas:

10.2.1.- Xustificación dos seguintes criterios (que serán avaliados de conformidade co disposto no correspondente apartado da cláusula 13.1. destes pregos e partindo do estipulado no Prego de prescricións técnicas e nos seus anexos):

- A) Proxecto deportivo e de xestión** (vid. Anexo I do Prego de Prescricións técnicas)
- B) Plano de RR.HH.** (vid anexo IV do Prego de Prescricións técnicas)
- C) Plano de Mantemento e Limpeza.**
- D) Xestión da calidade:** Plan de calidade e certificacións.
- E) Plan de Vixilancia.**

10.2.2. Índice de documentos que integran o sobre.

Figurarán dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente (artigo 80.1. RXLCAP)

10.3. SOBRE C: SUBTITULADO “OFERTA ECONÓMICA e outros criterios avaliados automaticamente: concesión piscina climatizada e instalacións anexas”

10.3.1. Conterá a PROPOSICIÓN ECONÓMICA nos seguintes termos (que serán avaliados de conformidade co disposto no correspondente apartado da cláusula 13.2. destes pregos):

- A)** Posibles **melloras na instalación** segundo o catálogo do anexo IV do Prego de prescricións técnicas.
- B)** Posible **redución do canon inicial** fixado neste prego a satisfacer pola Administración en cómputo anual.
- C)** Posible **incremento do valor da póliza do Seguro de Responsabilidade Civil**, segundo os termos explicitados no Prego de prescricións técnicas.

10.3.2. Non se terán por correctas nin válidas aquelas ofertas económicas que conteñan cifras comparativas ou expresións ambiguas, as que se presenten con emendas ou raspaduras que poidan inducir a dúbida racional sobre o seu contido, así como as que excedan do prezo de licitación; todo elo será considerado como defecto non emendable, producindo o rexeitamento da oferta.

No caso de non coincidir a suma do “importe neto” mais o “importe do IVE” co “importe total” presumirase que o “importe neto” é o ofertado, determinándose sobre este o IVE que corresponda.

Por outra banda, se a cantidade da proposición económica expresada en cifras e letra é diferente sempre se estará a esta última.



Dilixencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido (IVE), sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 87 TRLCSP e modelo de oferta económica que se recolle neste prego que partirá como tipo da licitación do valor estimado indicado na cláusula 3 e cláusula 15.

Así mesmo, considerase que os licitadores incluíron na proposta tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas concertadas, como son os gastos financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos, honorarios do persoal ao seu cargo que realicen os traballos, taxas e demais tributos.

10.3.3- Xustificación, se é o caso, de que a empresa conta cun número de traballadores **con discapacidade non inferior ao 2% da súa plantilla.**

10.2.3.- Índice de documentos que integran o sobre.

Figurará dentro do sobre e na primeira páxina, en folia independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente (artigo 80.1. RXLCAP)

CLAUSULA 11. Órgano competente para contratar

De acordo co apartado 1º da D.A.2ª do TRLCSP (ao derrogar o apartado correlativo do artigo 21 da LBRL) corresponde ao Alcalde as competencias de contratación respecto dos contratos de servizos públicos cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior aos catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Para os efectos aquí indicados atenderase ao importe do contrato incluíndo o IVE (apartado 14º da D.A.2ª TRLCSP)

Visto que o obxecto do contrato ten unha duración superior a 4 anos o órgano competente para a contratación será o **Pleno Corporativo**, ao corresponderlle aqueles contratos non atribuídos ao Alcalde (apartado 2º da disp.adic.2ª TRLCSP).

Isto sen prexuízo de que este órgano poda acordar a delegación na Alcaldía e/ou una Xunta de Goberno Local.

CLAUSULA 12. Garantías esixibles

12.1. Garantía Provisional: podería esixirse –debidamente xustificada para cada contrato- por un importe non superior ao 3% do orzamento do contrato, excluído o IVE (art. 103 do TRLCSP) cara a garantir o mantemento das ofertas ata a adxudicación do contrato. Ademais respondería do cumprimento das obrigas do parágrafo 2º do artigo 151.2 TRLCSP no caso de resultar adxudicatario.

Neste contrato: NON se esixe garantía provisional.

12.2. Garantía Definitiva: O licitador que presente a oferta economicamente mais vantaxosa, será requirido polo órgano de contratación para prestar unha garantía do 5% do importe de adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.

A garantía axustarase ao disposto nos artigos 95 e seguintes da TRLCSP e ao artigo 55 e seguintes do RXLCAP.

En todos os contratos e nos de servizos públicos cando as tarifas as abone a Admón. Contratante a garantía poderá constituírse mediante unha retención do prezo. (trala modificación operada no artigo 95 pola Lei 14/2013) Neste caso: non se acepta.

A acreditación da garantía poderá facerse por medios electrónicos a non ser que o prohiban os pregos. (trala modificación operada no artigo 95 pola Lei 14/2013). Neste caso: prohibense.

A **garantía definitiva** debe constituírse no prazo de 10 días hábiles dende que se efectúe polo órgano de contratación dito requirimento, ao abeiro do estipulado no artigo 151 do TRLCSP. De non cumprimentarse o dito requirimento e non constituír dita garantía definitiva, por causas imputables ao licitador, a Administración non efectuará a adxudicación ao seu favor, pasando a requirir ao licitador seguinte en oferta vantaxosa.



Dilixencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

CLAUSULA 13. Criterios de Adjudicación.

Tratándose dun contrato de xestión do servizo público procede a avaliación de varios criterios de adjudicación ao abeiro do artigo 150.3e) do TRLCSP.

REXEITARANSE aquelas proposicións que non conteñan a documentación mínima esixida nos pregos e aquelas outras que propoñan un nivel de servizo inferior ao sinalado como mínimo nos pregos. Asemade acontecerá coas que non definan suficientemente a calidade dos servizos públicos incluídos, as dotacións de persoal, equipos e instalacións.

Os criterios que servirán para valorar as ofertas e a puntuación máxima que se asignará a cada un deles serán os seguintes:

13.1. CRITERIOS TECNICOS

A) Proxecto Deportivo e de Xestión - VALORACIÓN: Puntuarase até un **máximo de 300 puntos** segundo a proporción que resulte da avaliación de conxunto das ofertas.

- Organización da xestión e explotación: plan de uso, funcionamento e organización.
- Proxecto técnico das actividades
- Plan de apertura
- Carta de servizos
- Servizos, actividades complementarias ou forma de prestación diferentes das esixidas no prego de condición técnicas.

B) Plano de RR.HH. – VALORACIÓN: Puntuarase até un **máximo de 200 puntos** segundo a proporción que resulte da avaliación de conxunto das ofertas.

- Plano de Recursos Humanos con plan de prevención de riscos e prevención de accidentes.
- Estrutura e Organigrama funcional do persoal, detallando a súa dedicación e horario (horas de traballo efectivo, dedicadas á instalación, funcións e número de traballadores/as, equipo humano e cualificación do mesmo, que se adscribirá á explotación da instalación.
- Plan de formación continua

C) Plano de mantemento e limpeza - Puntuarase até un **máximo de 150 puntos** segundo a proporción que resulte da avaliación de conxunto das ofertas:

- Plans: Ata un máximo 100 puntos.
 - Plan de mantemento preventivo e correctivo.
 - Plan actualización e reposición do equipamento deportivo.
 - Plan de limpeza
- Acreditacións: Máximo 50 puntos.
Acreditación de capacidade para instalación, mantemento ou reparadora de instalacións de climatización (Autorizacións, homologacións...).

D) Xestión da calidade. VALORACIÓN: Puntuarase até un **máximo de 100 puntos** segundo a proporción que resulte da avaliación de conxunto das ofertas:

- Plano de Calidade: Protocolos e procedimentos de avaliación da calidade. Máximo 40 puntos.
- Certificacións de calidade relacionadas co obxecto do contrato. 20 puntos por cada unha ata un máximo de 60 puntos.
 - Acreditación de capacidade para instalación, mantemento ou reparadora de instalacións de fontanería (Autorizacións, homologacións...).
 - Acreditación de capacidade para instalación, mantemento ou reparadora de instalacións de electricidade (Autorizacións, homologacións...).

E) Plano de vixilancia – Puntuarase ata un máximo de **50 puntos** segundo a proporción que resulte da avaliación de conxunto das ofertas.

13.2 CRITERIOS AUTOMATICOS:

A) Melloras nas instalacións

Os licitadores poderán ofertar melloras nas instalacións de entre as contempladas no prego de condición técnicas-



Dilixencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

VALORACIÓN: Puntuarase até un **máximo de 400 puntos**.

A razón da seguinte táboa:

1. VESTIARIOS

1.1. Revestimento de chans de vestiarios
Puntuación: 100

1.2. Porta abatible de paso de aluminio (9 ud.)
Puntuación: 20

1.3.- Ampliación paramentos verticais
Puntuación: 22

1.4 Ampliación do sistema de calefacción á zona de vestiarios.
Puntuación: 25

2. VESTÍBULO

2.1.- Compartimentación do vestíbulo respecto do andar inferior
Puntuación: 50

2.2.- Burlete automático
Puntuación: 5

2.3.- Portelo motorizado
Puntuación: 15

3.- SALA DE ACTIVIDADES

3.1.- Instalación completa de cadeira salva escaleiras
Puntuación: 50

3.2.- Pavimento deportivo
Puntuación: 60

4.- SALA DE MÁQUINAS

Peche de vaso de compensación
Puntuación: 3

5.- PISCINA

5.1.- Cascada en aceiro inoxidable
Puntuación: 20

5.2.- Canón de aceiro inoxidable
Puntuación: 10

6.- SAUNA

Madeira interior da sauna
Puntuación: 20

A puntuación sinalada outorgarase simplemente de ofertarse ditas melloras como anexo á proposición, quedando obrigado o licitador que resulte adxudicatario a executalas nos termos sinalados no Prego de prescricións técnicas particulares.

B) Posible redución do canon inicial fixado neste prego a satisfacer pola Administración en cómputo anual.

VALORACIÓN: 6 PUNTOS por cada redución de 2000 euros ou fracción inferior sendo a mínima de 200 €. As fraccións inferiores a 200 €, valoraránse con 1 PUNTO. Este criterio valorarase ata un **máximo de 350 puntos**.

FORMULACIÓN: $P = 6 * YF \{Y=2000 \ Y \geq 200\} + 1 * XF \{X < 200\}$.
INCOGNITAS:



Dilixencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

P: puntuación final
YF: fraccións de redución de 2.000 € e/ou comprendidas entre 200 a 1.999 €
XF: fraccións de redución inferiores a 200 €
F: fraccións suxeitas a avaliación

C) Por aumentar o valor da póliza de seguros de accidentes e responsabilidade civil

VALORACIÓN: 25 PUNTOS por cada aumento de 100.000 euros. Este criterio valorarase ata un **máximo de 100 puntos**.

FORMULACIÓN: $P = YF * 25$ { F=4 Y1,Y2,Y3 = 100.000 u.e , Y4 = 100.000 € / Y4 > 100.000 €; F=3 Y1,Y2 = 100.000 u.e, Y3 = 100.000 € / Y3 > 100.000 € Y3 < 200.000 €; F=2 Y1 = 100.000 u.e , Y2 = 100.000 € / Y2 > 100.000 € Y2 < 200.000 €); F=1 Y1 = 100.000 u.e , Y1 > 100.000 € Y1 < 200.000 €}

INGOGNITAS:

P: puntuación final
F: número de fraccións valorables
Y1-Y2-Y3-Y4: "n" fracciones susceptibles de valoración
YF: número de fraccións de incremento da cobertura da póliza de seguro que sexan igual ou superiores a 100.000 €, co límite de catro fraccións que teñan esta premisa.

13.3. Metodoloxía de valoración: De conformidade co sinalado no artigo 150.2 do TRLCSP, os criterios de adjudicación serán valorados pola Mesa de Contratación, previo os informes técnicos que se puideran precisar.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dous ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adjudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores con discapacidade (non inferior ao 2% da plantilla) de acordo co establecido na disposición adicional 6ª da TRLCSP.

A administración terá alternativamente a facultade de adjudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao seu valor económico, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adjudicación que figuran no presente prego.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

13.4. Baixas temerarias e ofertas desproporcionadas.

Para os efectos de determinar a existencia de baixas temerarias ou ofertas desproporcionadas, atenderase ao especificado no Anexo III.

CLAUSULA 14. Mesa de Contratación e Comité de expertos

14.1. A constitución de mesa de contratación é obrigada nos procedementos abertos, restrinxidos e negociados con publicidade.

A mesa constituirase conforme dispón o Real Decreto 817/2009, publicándose a súa composición no perfil do contratante alomenos 7 días antes da calificación da documentación. O numero de membros mínimo é de 5 incluído o Secretario.

Neste caso: **procede Mesa de contratación** cuxa composición* será a que segue:

1. O Alcalde do Concello, Adolfo F. Muíños Sánchez, ou en suplencia o concelleiro-delegado de Obras e Servizos Constantino Castaño Calvo e Servizos que actuará como Presidente da Mesa.
2. A Secretaria Xeral municipal, Carolina Costoya Pardo, que actuará como Vogal, e tamén como Secretaria da Mesa.
3. A Interventora Xeral municipal, Águeda Bello Valdés, que actuará como Vogal.
4. O 1º Tenente de Alcalde, Jose Carlos Gey Hermo, en suplencia o concelleiro delegado de Deportes, Joaquin Dominguez Salgado.



Diligencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

5. A voceira do grupo municipal do Partido Popular, ou en suplencia o vicevoceiro.

Para a válida constitución da mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros, e en todo caso, o Presidente (concelleiro ou funcionario), o Secretario e os dous vogais que teñan atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico e ao control económico-orzamentario do órgano.

No seu funcionamento atenderase ao estipulado no artigo 21 e 22.1 do Real Decreto 817/2009.

Nota: *Este concello ten publicado a composición dunha Mesa de Contratación Permanente (BOP 15/02/2013) para os contratos en que resulta competente o Alcalde, o que non é o caso desta licitación.

14.2. De confluír xuízos de valor nalgúns dos criterios de adxudicación, e tratarse dun procedemento aberto ou restrinxido (art. 25 RD.817/2009), procede a constitución dun **comité de expertos cando ditos criterios teñan maior ponderación que os avaliados automaticamente por aplicación de fórmulas**. Nos restantes supostos a avaliación efectúase pola mesa de contratación.

- O comité estará integrado por 3 membros cando menos, coa cualificación profesional axeitada en razón da materia sobre a que verse a avaliación. De ser posible serán da entidade contratante.
- Publicarase a súa composición no perfil antes da calificación da documentación.
- O seu ditame é vinculante para o órgano de contratación.

Neste expediente, **procede Comité de expertos** que estará intergrado polos seguintes técnicos na materia:

- Ramon Villanustre Ordoñez, técnico municipal de Deportes.
- Jose Miguel Castelo Collazo, animador deportivo municipal.
- Bernardo Rial Lago, animador deportivo municipal

Na adxudicación do contrato será de aplicación o previsto nos artigos 160 e 161 da TRLCSP, que regulan o exame das proposicións e a proposta de adxudicación, e que se recolle na cláusula seguinte onde se estipula que se avalian primeiramente os criterios non automáticos e posteriormente os criterios automáticos. Asemade cómpre lembrar que a adxudicación deberá efectuarse en dous meses dende a apertura das proposicións – por ser pluralidade de criterios, senón serían 15 días- a non ser que se determine outro prazo nos pregos de cláusulas.

CLÁUSULA 15. Apertura das proposicións

15.1. Cualificación dos documentos:

A) Apertura do Sobre “A”

Concluído o prazo de presentación de proposicións o Secretario da corporación emitirá certificado dos licitadores presentados.

Constituirase a Mesa en sesión non pública entre o 1º ao 3er día contando dende o seguinte o de finalización do prazo de presentación de proposicións (excluídos sábados, domingos e festivos caso no que pasaría ao seguinte día laboral).

Abriranse os sobres que conteñan a documentación xeral así como a cualificación de dita documentación, deixándose constancia de todo elo en acta.

B) Defectos ou omisións emendables.

De observar defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarase verbalmente aos interesados, ou de ser preciso dirixindo escrito vía Fax ou correo electrónico ao número/ dirección facilitado polos licitadores, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores emenden a dita documentación por rexistro e nese prazo.

Os defectos non emendables son os indicados neste prego e os que puidera resultar da normativa.

C) Prazo de cualificación.

Non poderá mediar mais de 7 días dende a apertura do sobre A ata a apertura do sobre relativo aos criterios non avaliados automaticamente (art.27.1 do RD. 817/2009)



Diligencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

d) Admitidos e excluídos.

Unha vez cualificada a documentación do sobre A e emendados no seu caso os defectos ou omisións advertidos, determinarase as empresas que se axustan aos criterios de selección fixados no presente prego (solvencia económica e financeira e solvencia técnica), con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación e os rexeitados, indicando as causas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

e) De advertirse algunha determinación ou referencia explícita na documentación obrante no sobre A ao/s criterios a figurar no resto dos sobres, o dito licitador quedará excluído.

15.2 Apertura Sobre B e Sobre C.

A seguinte mesa reunirse no lugar e día que se sinala no anuncio que para o efecto se publique no Perfil do Contratante do Concello de Rianxo (a mais tardar, por defecto, será o 7º día dende a apertura do sobre A), sen prexuízo de que antes, en acto non público, a mesa verificara que os licitadores efectuaran as emendas requiridas pola mesa anterior e acordara a cualificación definitiva dos admitidos e excluídos.

Aberto o acto público darase conta de: as proposicións presentadas e nome dos licitadores segundo o certificado de secretaria, do resultado da cualificación previa dos documentos do sobre "A", dos defectos advertidos, emendas requiridas, e emendas efectuadas polos licitadores, concretando os licitadores admitidos e excluídos. Posteriormente, abrirase o **Sobre "B"** das proposicións que teñan sido admitidas e someteranse aos informes técnicos que se estimen oportunos (neste caso ao Comité de expertos recollido na cláusula 14.2.)

No caso de que no sobre B figurase algún aspecto propio dos criterios do sobre C, quedará excluído dito licitador do procedemento, sen pasar a abrir o seu sobre C.

Avaliadas as proposicións do Sobre B, a mesa de contratación realizará en acto público á apertura do **Sobre "C"**, o que levará a cabo o día hábil que se anuncie no Perfil do Contratante do Concello de Rianxo (a mais tardar antes dun mes dende a finalización do prazo de presentación de proposicións, artigo 160 TRLCSP) e no que darase conta do resultado da avaliación dos criterios de adxudicación aos que se refire o Sobre "B". A continuación abriranse os Sobres "C".

A Mesa de Contratación avaliará os criterios de adxudicación contidos no Sobre C, de conformidade co previsto no Cláusula 13 deste PCAP.

Antes da adxudicación a mesa poderá solicitar os informes técnicos que considere precisos. Finalmente valorará conxuntamente as ofertas presentadas, sumando os puntos obtidos por cada licitador nos diferentes criterios de adxudicación por orde decrecente, agás as que se declararan desproporcionadas ou anormais (artigo 152 do TRLCSP) e efectuará proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

15.3. Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, ou excedese do orzamento base de licitación, ou variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte da licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa de contratación, en resolución motivada.

15.4. Renuncia do contratista:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución deste, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a adxudicación, c) antes da formalización do contrato, d) no mes da entrega, e) a recepción, etc.) faculta á Corporación para que proceda á incautación da garantía provisional si se esixira no caso a), e da garantía definitiva nos restantes sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

CLÁUSULA 16. Adxudicación



Dilixencia: Este Prego aprobose por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

16.1. Aportación de documentación previa á adxudicación: Determinada a oferta economicamente mais vantaxosa, o órgano de contratación requirirá ao licitador para que no prazo de 10 DÍAS HÁBILES DENDE O SEGUINTE AO REQUIRIMENTO, achegue documentación xustificativa de:

- estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obtelas directamente (incluída acreditación do pago do IAE ou exención deste)
- declarar a disposición efectiva dos medios que se comprometera a adicar ou adscribir a execución do contrato conforme á cláusula 10.1.F.2, de se-lo caso,
- acredite a constitución da garantía definitiva.
- Acredite o abono das taxas polos anuncios de licitación e adxudicación ata un importe máximo de 1500€ (será ingresado polo adxudicatario na Tesourería municipal)
- Xustifique que ten concertado o seguro de responsabilidade civil e danos a terceiros previsto no Prego de prescricións técnicas.
- De tratarse dunha unión temporal de empresas ademais achegarase a escritura pública de constitución e nomeamento de representante con poder bastante.

De non cumprimentarse axeitadamente en dito prazo, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a recabar a mesma do seguinte licitador, polo orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

16.7. Adxudicación: Unha vez realizadas as actuacións anteriores, o órgano de contratación adxudicará o contrato no prazo de 5 DIAS HÁBILES SEGUINTE A RECEPCIÓN DA DOCUMENTACIÓN, en resolución motivada que deberá notificarse aos candidatos e publicarse no Perfil do Contratante do Concello de Rianxo coa información indicada no artigo 151 do TRLCSP, e nun e noutro se **indicará o prazo en que debe formalizarse o contrato.**

A adxudicación, en calquera caso, terá lugar no prazo máximo de 2* meses dende a apertura das proposicións (art,161 TRLCSP) ao avaliarse diferentes criterios de adxudicación (de ser unicamente o económico sería en 15 días)

A notificación permitirá aos licitadores excluídos ou candidatos descartados coñecer as razóns do rexeitamento da súa proposición ou candidatura e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor, en prazo para a interposición do recurso regulado no artigo 40 do TRLCSP), de proceder (15 días hábiles dende a notificación do acto impugnado).

CLÁUSULA 17. Formalización do Contrato

17.1. Prazo e xeito. A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase (agás recurso) dentro dos **15 días hábiles seguintes** a contar dende a data de notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos (156 do TRLCSP)

Sen embargo, de ser posible a **interposición do recurso** ao que se refire o artigo 40 do TRLCSP, haberá que esperar o transcurso do prazo de 15 días hábiles dende que se remitira a notificación da adxudicación sen interperse este con suspensión, e formalizarse no mais tarde dos 5 días seguintes, ao transcurso de aquel prazo. De igual xeito procederase se o órgano de contratación levanta a suspensión. Neste caso:Non procede recurso especial de contratación.

Cando por causas imputables ao contratista non puidera formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución deste.

17.2. UTE: Cando os licitadores concorreran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá aportarse antes da formalización do contrato.

CLÁUSULA 18. Prazo de Garantía. Liquidación e devolución

18.1. O prazo de garantía terá unha duración de 6 MESES contado desde a finalización do contrato.



Diligencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

18.2. Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a súa emenda. O contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación co cumprimento da prestación contratada.

18.3. Dentro do prazo de 15 días posteriores ao cumprimento do prazo de garantía, redactarase un informe sobre o estado do servizo polo responsable do contrato.

- Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, acordándose a súa devolución ou cancelación que será notificado ao interesado no prazo de 2 meses dende a finalización do prazo de garantía. Asemade liquidaranse se é o caso, as obrigas pendentes aplicándose ao pagamento destas últimas o disposto no art. 102 do TRLCSP.
- No caso de que o informe non fose favorable – no relativo aos investimentos a realizar ou actuacións relativas ao material- ditaranse as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación, concedéndolle un prazo para iso, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

En calquera caso, reservándose a Administración o rexeitamento da prestación con exención da obriga de pago, ou dereito de recuperación do prezo satisfeito.

CLÁUSULA 19. Responsable do contrato

De conformidade co disposto no artigo 52 do TRLCSP, ostentará a condición de responsable do contrato o director do servizo público designado como tal polo órgano de contratación, con funcións de supervisión da correcta execución da prestación.

Son funcións do nomeado como responsable do contrato:

- Dar as ordes oportunas para lograr os obxectivos pretendidos na xestión do servizo a impulso do Alcalde.
- Propor as modificacións que estime oportunas na xestión do servizo en orde a un mellor cumprimento do obxecto do contrato.
- Emitir os informes que procedan pola boa marcha do servizo.
- Demais funcións que se recollan no Prego de prescricións técnicas desta licitación.

CLÁUSULA 20. Protección de datos

O adxudicatario adecuará as súas actuacións á Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e ao Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei, así como ao resto da normativa concordante na materia, na realización dos traballos contratados. Asemade terá en conta o regulamento municipal aprobado para o efecto e o sinalado no Rd. Legislativo 3/2011, especialmente na disposición adicional vixesimo sexta, asinando un contrato en tal sentido.

O contratista respectará o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle tivera dado o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información.

CLÁUSULA 21. Obrigas do Adxudicatario

Son obrigas do contratista as seguintes ademais das xerais propias do servizo:

- 1) Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito de utilizado nas condicións que se establezan e mediante o abono, no seu caso, da contraprestación económica comprendida nas tarifas aprobadas.
- 2) Cuidar a boa orde do servizo, podendo ditar as oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes de policía atribuídos ao Concello de Rianxo.



Diligencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

- 3) Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.
- 4) Respetar o principio de non discriminación por razón de nacionalidade, respecto das empresas de Estados Membros da Comunidade Europea ou Signatarios do acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio, nos contratos de suministro consecuencia do de xestión de servizos públicos.
- 5) Percibir dos usuarios do servizo as tarifas aprobadas pola Administración concedente pola xestión e explotación do servizo.
- 6) Obter a axeitada compensación económica para manter o equilibrio económico da concesión, no suposto de modificacións do servizo impostas polo Concelo que aumenten os custes ou diminúan a retribución; e nos casos en que por causas alleas ás partes contratantes se alterasen as bases económicas da concesión contempladas no momento do seu outorgamento.
- 7) Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

En concreto, ao abeiro do artigo 22 da Resolución do 24/08/2010 da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón do rexistro, depósito e publicación no Diario Oficial de Galicia do I Convenio colectivo galego de instalacións deportivas e ximnasios (DOG 20/09/2010) vixente a empresa adxudicataria deberá subrogarse na contratación do persoal que á data de adxudicación do contrato preste os seus servizos para a empresa que ata ese intre execute o contrato nos supostos indicados no mencionado artigo. Para estes efectos inclúense no **Anexo IV a información relativa aos traballadores aos que afectaría a subrogación facilitado pola empresa actual**.

- 8) O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no TRLCSP, para os supostos de subcontratación.
- 9) O adxudicatario estará obrigado a pagar **tódolos gastos de publicación de anuncios** de licitación en xornais oficiais e medios de comunicación que implique a tramitación da licitación (BOP/DOG).
- 10) Asemade deberá pagar todos os **impostos, contribucións, taxas e prezos públicos** que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato.

CLÁUSULA 22. Reversión.

Cando finalice o prazo contractual o servizo revertirá ao Concello de Rianxo, debendo o contratista entregar as obras e instalacións a que esté obrigado con arranxo ao contrato e no estado de conservación e funcionamento axeitados.

Durante o período de TRES MESES anterior á reversión, o Concello adoptará as disposicións encamiñadas a que a entrega dos bens se verifique nas condicións convidadas e o contrato entrará en fase de liquidación.

CLÁUSULA 23. Execución do contrato.

O contratista está obrigado a organizar e prestar o servizo con estricte suxeición ás características establecidas no contrato e nos prazos sinalados no mesmo así como á execución das melloras propostadas.

En todo caso, o Concello conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos público.

CLÁUSULA 24. Modificación do contrato

24.1. A Administración poderá modificar por razóns de interese público as características do servizo contratado e as tarifas que teñan que abonar os usuarios tal e como determina o artigo 282 do TRLCSP.

24.2. Cando as modificacións afecten ao réxime financeiro do contrato, o Concello deberá compensar ao contratista de maneira que se manteña o equilibrio económico inicial do contrato. Non procederá tal compensación, no caso de que os acordos que dite o Concello respecto ao desenvolvemento do servizo carezan de transcendencia económica.

O Concello deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio de calquera das partes nos seguintes supostos:

- a) Cando a Administración modifique, por razóns de interese público, as características do servizo contratado.



Diligencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

b) Cando actuacións da Administración determinaran de forma directa a ruptura esencial da economía do contrato.

c) Cando causas de forza maior determinaran de forma directa a ruptura sustancial da economía do contrato, entendéndose por "forza maior" o disposto no artigo 231 do TRLCSP.

O restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante medidas que poderán consistir nas modificacións das tarifas a abonar polos usuarios, a redución do prazo do contrato, en en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico do contrato.

Para os casos de forza maior e de actuacións do Concello que determinen de forma directa a ruptura esencial da economía do contrato, poderá prorrogarse o prazo do contrato por un período que non exceda de un 10% da súa duración inicial, respetando os límites máximos de duración previstos legalmente.

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 do TRLCSP.

CLAUSULA 25. Responsabilidade do concesionario: infraccións e sancións.

25.1. Debido ao carácter público dos servizos que se contratan e co obxecto de garantir o bo funcionamento deste, Os incumprimentos que cometa o concesionario poderán ser cualificados como infraccións leves, graves e moi graves. As infraccións e sancións serán as seguintes:

1) Infraccións leves: Terán a consideración de infraccións leves aquelas que, pese ao incumprimento das cláusulas contractuais, non supoñan un prexuízo de grande entidade, tipificando como tales as seguintes.

- 1.1) As que impliquen negligencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave no seu funcionamento.
- 1.2) A omisión do deber de comunicar as incidencias ou anomalías non imputables ao concesionario e que sexan detectadas.
- 1.3) A incorrección dos profesionais da concesionaria co persoal do Concello relacionado coa prestación do servizo.
- 1.4) Atrazo inxustificable de menos de trinta minutos no cumprimento do horario.

2) Infraccións graves: Teñen a consideración de infraccións graves as seguintes:

- 2.1) A comisión de tres infraccións leves
- 2.2) A desobediencia ás ordes dos representantes do Concello.
- 2.3) As accións ou omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo ou que produzan danos á instalación ou equipamentos.
- 2.4) A carencia dos elementos de seguridade para a prestación do servizo.
- 2.5) A carencia de sinalización ou dispositivos de protección complementarios que poidan supor un perigo de accidente.
- 2.6) A deficiente realización das tarefas de mantemento, conservación ou xestión.
- 2.7) O trato irrespetuoso ao público, persoal do Concello, así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.
- 2.8) Non acudir (sen xustificación) ás Xustanzas da Comisión de Seguemento, cando o concesionario sexa convocado.
- 2.9) Falta de rendemento que afecte á calidade do servizo cara o usuario.
- 2.10) Atrazo inxustificable de mais de 30 minutos no cumprimento do horario.
- 2.11) Neglixencia no mantemento e control da instalación, con especial incidencia no tratamento, temperatura e calidade da auga.
- 2.12) A ausencia do persoal encargado do servizo de salvamento e socorrismo, do lugar axeitado para a perfecta e permanente visualización de tódolos usuarios da piscina.
- 2.13) Permitir o uso das instalacións ou servizos ás persoas que non dispoñan do abono ou entrada correspondente.



Dilixencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

2.14) A interrupción do servizo por período superior a cinco horas, salvo que concorran circunstancias de forza maior, comunicadas coa debida antelación, ou en caso de folga legal.

2.15) Realizar nas instalacións actividades distintas ao obxecto do contrato, sen contar co permiso expreso do Concello.

3) Infraccións moi graves: Teñen a consideración de infraccións moi graves as seguintes:

3.1) A comisión de tres faltas graves.

3.2) O incumprimento da normativa laboral ou convenio colectivo do persoal empregado, sempre que revista carácter esencial; así como impago das cuotas á Seguridade Social do persoal empregado.

3.3) O incumprimento da normativa sanitaria e de seguridade e saúde con transcendencia directa para a saúde dos usuarios das instalacións.

3.4) A interrupción do servizo por período superior a 24 horas, salvo que concorran circunstancias de forza maior, comunicadas coa debida antelación, ou en caso de folga legal.

3.5) A non contratación ou falta de pagamento das primas das pólizas de seguros para facer fronte á responsabilidade civil derivada dos danos ocasionados polo normal ou anormal funcionamento do servizo.

3.6) Ceder ou traspasa-los servizos obxecto de concesión baixo calquera modalidade ou título sen a autorización expresa e previa do órgano de contratación.

3.7) Obstaculizar a fiscalización por parte do persoal municipal.

3.8) A manifesta incapacidade ou negligencia técnica do persoal encargado dos servizos de mantemento e socorrismo.

3.9) A existencia de percepcións económicas dos usuarios non debidamente autorizadas.

As **SANCIÓNS** serán as seguintes:

1) Infraccións leves: multa de ata 600,00 €.

2) Infraccións graves: multa entre 600,01 € e 1.500,00 €.

3) Infraccións moi graves: O Concello poderá optar entre impoñer multa desde 1.500,01 € a 3.000,00 €; ou a caducidade da concesión. Neste último caso, o concesionario perderá a fianza definitiva constituída.

25.2. A imposición das sancións é independente das indemnizacións de danos e prexuízos que en cada caso poidan esixirse ao concesionario. Asemade ordenarase ao adxudicatario as medidas correctivas para reparar o dano causado.

25.3. Procedemento: Para a imposición de sancións graves e moi graves, incoarase expediente con nomeamento de instructor e secretario, instrución, proba, prego de cargos incorporando informe dos servizos técnicos que acrediten a comisión da infracción, audiencia do concesionario, proposta do instructor e nova audiencia e resolvendo o órgano de contratación ou aquel en que se delegase a adxudicación.

No tocante á comisión de infraccións leves bastara con garantir o principio de contradicción mediante a audiencia ao concesionario e posterior resolución do órgano de contratación ou aquel en que se delegase a adxudicación.

O procedemento deberá ser resolto e notificarse en 6 meses dende a súa iniciación.

Cando o instrutor entenda que conorra algunha circunstancia das previstas na lexislación vixente poderá acordar a suspensión do prazo máximo para resolver.

25.4. As sancións serán proporcionais á gravidade dos feitos constitutivos de infracción e graduaranse atendendo aos seguintes criterios:

- transcendencia social da infracción
- a natureza e cuantía dos prexuízos causados
- a existencia de reiteración ou de reincidencia.

25.5. O exercizo da potestade sancionadora axustarase ao disposto no Regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora aprobado por Real Decreto 1398/1993.

25.6. As infraccións tipificadas como leves prescribirán aos seis meses, as graves aos 2 anos e as moi graves aos tres anos, ao abeiro do artigo 132 da Lei 30/1992.



Dilixencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

CLÁUSULA 26. Finalización do Contrato: Resolución, rescate, secuestro e caducidade da concesión.

1) Resolución do contrato:

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados no artigo 223, con excepción dos supostos contemplados nas súas letras d) e e) así como nos establecidos no artigo 286 do TRLCSP.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautárase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan o importe da garantía.

2) Caducidade da concesión:

Procederá a caducidade da concesión nos supostos previstos no artigo 136 do RSCL, así como no suposto de comisión de infraccións tipificadas como moi graves (onde o Concello poderá optar por impoñer unha multa ou declarar a caducidade). Ao contratista seralle incautada a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan o importe da garantía.

4) Rescate da concesión:

O Concello resérvase o dereito de rescatar a concesión antes do seu vencemento, se fora xustificicado por razóns de interese público. Neste caso, o concesionario abandonará e deixará libres as instalacións no prazo dun mes contado dende a data de notificación do rescate. De non cumprir esta obriga perderá o dereito a ser indemnizado polos danos e prexuízos orixinados.

5) Secuestro da concesión:

Se o concesionario incurriera na comisión de infraccións graves ou moi graves que puxeran en perigo a boa prestación do servizo, incluída a desobediencia ás ordes de modificación, o órgano de contratación poderá declarar o secuestro da concesión, co fin de asegurar o servizo provisionalmente, segundo o establecido nos artigos 133 e seguintes do RSCL.

CLÁUSULA 27. Inexistencia de relación xurídica entre o Concello de Rianxo e o persoal contratado pola concesionaria.

Non existirá relación xurídica algunha entre o Concello de Rianxo e o persoal que teña que contratar a concesionaria para a posta en funcionamento do servizo público.

A Alcaldía

Adolfo F. Muiños Sánchez



Diligencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

ANEXO I : MODELO DE PROPOSICIÓN

Propoñente (nome e DNI/CIF)

Representante (nome e DNI):

Enderezo:

Telefono:

Sendo coñecedor do Procedemento Aberto relativo á CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓNS ANEXAS DO CONCELLO DE RIANXO, para cuxos efectos fago constar:

1º.- Que coñezo o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas aprobados polo Concello, e os seus respectivos anexos que van rexer este contrato, e o resto de documentación contractual, que expresamente asumo e acato na súa totalidade, sen ningunha salvedade.

Para os efectos da súa xustificación acreditativa e de resultar proposto para a adxudicación, comprométome a presentar antes da adxudicación e no prazo máximo de cinco días hábiles a contar desde que así se me requira:

- Certificación positiva emitida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ou Delegación de Facenda competente.
- Certificación positiva emitida pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia ou Delegación Provincial da mesma competente.
- Presentación da alta e, no seu caso, do último recibo do Imposto de Actividades Económicas ou certificado de exención en caso contrario.
- Certificación positiva emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- acreditar a constitución da garantía definitiva.
- Acredite o abono das taxas polos anuncios de licitación e adxudicación ata un importe máximo de 1500€ (será ingresado polo adxudicatario na Tesourería municipal)
- Acreditar o seguro de responsabilidade civil e danos a terceiros previsto no Prego de prescricións técnicas.
- Acreditar a disposición efectiva dos medios que se comprometera a adicar ou adscribir a execución do contrato conforme á cláusula 10.1.F.2, de se-lo caso.
- De tratarse dunha unión temporal de empresas ademais achegarase a escritura pública de constitución e nomeamento de representante con poder bastante.

2º.- Que, xunto con esta proposición económica, presento a documentación esixida no prego de cláusulas que rexen esta licitación.

3º.- Que me comprometo a realizar o obxecto deste contrato de servizo nos seguintes termos no tocante aos criterios automáticos do prego de clausulas administrativas particulares:

CRITERIOS AUTOMATICOS	MINIMO PREGOS	PROPOSTA
a) Melloras na instalación segundo o catálogo do anexo IV do Prego de prescricións técnicas.	Ningunha	De efectuarse recóllese en relación asinada anexa a esta proposición
b) Redución do canon inicial fixado neste prego a satisfacer pola Administración en cómputo anual	Canon inicial/ tipo da licitación: 86.953,22€	O canon que se ofrece é de: _____ € O que supón unha redución de _____
c) Incremento da póliza Seguro de Responsabilidade Civil	Poliza esixida: 400.000 €	A póliza que se oferta é de: _____ €

De non cubrirse o espazo da proposta na táboa respecto do criterio c), así como de non figurar anexionada taboa de melloras (ou non vir asinada) entenderase que non se propoñen e avalíase "cerco". Sen embargo, é imprescindible indicar o canon que se ofrece.

4º.- Que coñezo o contido do artigo 22 do I Convenio colectivo galego de instalacións deportivas e ximnasios (DOG 20/09/2010) respecto da **subrogación dos traballadores da empresa saínte** e acepto esta.

En _____, ____ de _____ de _____ 2013

O LICITADOR (Asinado e rubricado)



Dilixencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

ANEXO II: MODELO DE SOBRE

- A. DOCUMENTACIÓN
- (1) B. CRITERIOS TÉCNICOS
- C. OFERTA ECONOMICA E OUTROS CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE.

Proposición para tomar parte na contratación dos servizos de (2) _____

presentada por _____

Teléfono _____

Fax _____

Nª Rexistro Contratistas _____

Dirección de correo electrónico _____

_____, de _____ de _____ 201...

- (1) Indicar sobre A, B ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.
- (2) Indicar o título do contrato

ANEXO III. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS

De conformidade co disposto no artigo 152.2 do TRLCSP, a Mesa de Contratación poderá apreciar, en relación ao criterio de valoración automática letra B ("Redución do canon inicial a satisfacer pola Administración en cómputo anual"), que a proposición dunha empresa non pode ser cumprida, cando a súa oferta económica sexa considerada desproporcionada ou temeraria.

Esta circunstancia será notificada aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as súas ofertas, acompañando a documentación que estimen oportuna, segundo o establecido no artigo 152.3 do TRLCSP. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos.

Será considerada, en principio, como desproporcionada ou temeraria a redución do canon anual que se inclúa nalgún dos criterios contidos no artigo 85 do RCAP, esto é:

- 1) Cando concorrendo un só licitador, a redución do canon sexa inferior ao orzamento base de licitación en 25 unidades porcentuais.
- 2) Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
- 3) Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das tres ofertas presentadas. Agora ben, será excluída para o cómputo de dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
- 4) Cando concurren catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Agora ben, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas



Dilixencia: Este Prego aprobouse por acordo plenario do 26/12/2013.
A Secretaria Xeral

que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre a tres ofertas de menor contía.

ANEXO IX. TRABALLADORES A EFECTOS DE SUBROGACIÓN (artigo 22 I Convenio colectivo galego de instalacións deportivas e ximnasios (DOG 20/09/2010)

Denominacion	FechaAntiguedad	FechaAlta	TipoUltContrato	SBANUAL	SSEMPRESA
DIRECTOR/A CENTRO DEPORTIVO	08/06/06	01/09/09	100	21176,52	7215,20
PERSOAL LIMPEZA	06/02/09	01/07/10	289	5085,12	1581,47
PERSOAL LIMPEZA	06/02/09	01/07/10	289	5109,72	1589,12
RECEPCIONISTA	15/08/09	01/12/12	200	10022,52	3117,00
RECEPCIONISTA	13/02/09	01/07/10	289	10022,52	3117,00
MONITOR/A MULTIDISCIPLINAR	17/02/09	01/07/10	289	10691,16	3324,95
OFICIAL 1ª MANTEMENTO	16/03/09	01/09/10	100	13808,16	4294,34
PERSOAL LIMPEZA	01/08/09	01/07/10	289	5417,64	1684,89
RECEPCIONISTA	18/02/10	01/07/11	289	5405,28	1681,04
MONITOR/A MULTIDISCIPLINAR	02/11/10	01/09/11	189	12757,92	3967,71
MONITOR/A MULTIDISCIPLINAR	29/05/13	01/09/13	501	9772,56	3039,27
MONITOR/A MULTIDISCIPLINAR	01/12/12	01/09/13	501	9249,48	2876,59
MONITOR/A MULTIDISCIPLINAR	06/06/13	10/12/13	510	10678,32	3320,96
MONITOR/A MULTIDISCIPLINAR	05/10/13	05/10/13	501	5485,92	1706,12

Rianxo, decembro de 2013
O Alcalde

Adolfo F. Muíños Sánchez

DILIXENCIA.- Que estendo eu, Secretaria Xeral do Concello, para facer constar que o presente Prego de cláusulas, cos seus anexos, está composto de 24 folios, numerados e rubricado por min.

Rianxo, decembro de 2013

A Secretaria Xeral
Carolina Costoya Pardo